

Guía didáctica

4. Mover os marcos



Lingua Galega 4º ESO - Alexandra Pacheco
Tecnoloxía 4º ESO - Ana Moreiras



BauGal 4 LINGUA. Mover os marcos - GUÍA DIDÁCTICA

Lingua galega e literatura

4º ESO

1. Introducción

Esta situación de aprendizaxe diríxese ao alumnado de 4º da ESO e busca preparar as persoas estudantes para a súa inserción no mundo laboral desde unha perspectiva comunicativa e activa. A través da elaboración de documentos clave como o CV, a carta de presentación e o correo electrónico formal, traballaranse tamén competencias transversais como a expresión oral, a capacidade de argumentación, a autoconecemento e a sensibilización co patrimonio cultural. O fío condutor da unidade é a creación dunha cooperativa xuvenil que asesore sobre a destrución do patrimonio, elemento que permite contextualizar todos os exercicios.

2. Obxectivos do recurso

- Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario
- Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.
- Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.
- Comprender, interpretar e redactar (en papel ou en formato dixital) textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.
- Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.

- Utilizar técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.
- Utilizar as TIC para mellorar a presentación dos escritos, difundir textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
- Producir textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).
- Utilizar un léxico amplo e adecuado, e identificar as relacións semánticas entre as palabras.
- Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utilizar manuais de consulta de maneira eficaz.
- Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.

3. Contidos e criterios de avaliación

Contidos

- Tipoloxías textuais do ámbito laboral: descritiva, expositiva e argumentativa.
- Vocabulario sobre o mundo laboral, competencias e personalidade.
- Conectores e estruturas de cohesión textual.
- Rexistro formal vs. informal.
- Estrutura e función do CV, carta de presentación e correo formal.
- Características da entrevista laboral.

Criterios de avaliación

CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.

CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.

CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.

CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.

CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información

CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.

CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.

CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso

CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.

4. Competencias clave

Comunicação lingüística: Traballada a través da redacción e da oralidade nas entrevistas e simulacións.

Competencia dixital: Elaboración de documentos e participación en tarefas interactivas (formulario, quiz, infografías, gravacións...).

Conciencia e expresións culturais: Sensibilización co patrimonio da contorna.

Aprender a aprender: Actividades de autoavaliación e coavaliación con rúbricas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: Proposta final de creación dunha cooperativa ficticia.

Competencia cidadá: Reflexión crítica sobre a destrución do patrimonio e os deberes cívicos.

5. Metodoloxía de aplicación

Empregarase unha metodoloxía activa, baseada na aprendizaxe por proxectos e tarefas contextualizadas. As actividades combinarán traballo individual, parellas e grupos, fomentando a aprendizaxe cooperativa.

A secuencia deseñouse para progresar desde a recepción e análise de modelos até a produción propia de textos. A contextualización a través da cooperativa "Patrimonio Vivo" contribúe a dar sentido a todo o proceso e motiva a implicación do alumnado.

6. Tipos de actividades

- Actividades de comprensión lectora: textos modelo, cuestionarios interactivos.
- Actividades de vocabulario: xogos de adiviñar, emparellamentos, infografías.
- Produción textual: CV, carta de presentación, correo electrónico.
- Actividades orais: entrevistas simuladas, presentación do perfil.
- Actividades interactivas en ExeLearning: ordenar partes dun texto, cubrir ocos con conectores, escollo múltiple.
- Actividades audiovisuais: gravación de entrevista, reflexión sobre erros comúns.

7. Estratexias de atención á diversidade e á convivencia

Co obxectivo de garantir a inclusión de todo o alumnado, a situación de aprendizaxe incorpora materiais en lectura facilitada e actividades graduadas por nivel de complexidade.

Como proposta concreta, recoméndase a seguinte actividade:

 **Actividade adaptada:** creación dun CV visual ou infografado con apoio de modelos e pictogramas. Esta tarefa permite ao alumnado con NEAE, con dificultade na expresión escrita ou con nivel de competencia baixa, expresar o seu perfil de forma accesible e creativa. Tamén se poderán usar plantillas guiadas, gravación de audios explicativos e apoio na redacción mediante esquemas previos.

Ademais, permitirase a presentación oral ou en vídeo dalgunhas tarefas, así como o traballo en parellas cooperativas con roles asignados para facilitar a participación de todas as persoas.

8. Instrumentos de avaliación

- Rúbricas de avaliación para o CV, a carta e o correo electrónico formal.
- Rúbrica para a entrevista laboral (oralidade e contido).
- Escalas de autoavaliación e coavaliación.

- Observación directa do traballo en grupo.
- Valoración da implicación na tarefa final (presentación do perfil de cooperativa).